

OBRADOIRO DE EMPREGO FORMAWEB

NOME DO OBRADOIRO DE EMPREGO: FORMAWEB.
Expediente: 36/00030/2017
Especialidades: "IFCD0110 Confección e Publicación de páxinas web"
Data de inicio: 29/09/2017
Data de finalización: 28/03/2018
Entidad Promotora: Concello de Vigo.
Subvencionado pola Xunta de Galicia.

RESUMO DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS E DOS SERVIZOS E OBRAS

O Obradoiro de Emprego FORMAWEB trátase dun proxecto mixto de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, promovido polo Concello de Vigo, dirixido a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Este proxecto está cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Social Europeo, mediante a Iniciativa de Emprego Xuvenil, Programa Operativo de Emprego Juvenil 2014-2020.

O Obradoiro de Emprego FORMAWEB desenvólvese no Centro de Iniciativas de Emprego do Concello de Vigo, sito na rúa Pérez Bellas 9, baixo. Conta cun presuposto total 166.188,66 €, onde a Xunta de Galicia aporta 140.188,66€ (procedentes do FSE) e o Concello de Vigo 26.000,00 €.

Plan formativo.

O Obradoiro de Emprego ten unha duración de 6 meses, dende setembro de 2017 ata marzo deste ano, un total de 15 alumnos/as traballadores/as reciben formación profesional para o emprego dirixida á obtención do certificado de profesionalidade na especialidade "IFCD0110 Confección e Publicación de páxinas web" e, contan para o seu desenvolvemento dunha equips directiva da que forman parte un director, unha titora, un experto docente e unha administrativa.

Obxectivo.

O obxectivo do O.E. FORMAWEB é que o alumnado acade competencias profesionais na creación e publicación de páxinas web que integren textos, imaxes e outros elementos, utilizando linguaxes de marcas e editores apropiados segundo especificacións e condicións de empregabilidade dadas e, realizar os procedementos de instalación e verificación das mesmas no servidor correspondente. Ademais, o alumnado-traballador do Obradoiro recibe orientación, asesoramento e información profesional na busca de emprego e autoemprego, coa finalidade de aumentar as oportunidades de emprego e favorecer a súa inserción laboral.

Esta aprendizaxe altérnana coa adquisición de experiencia laboral e posta en práctica dos coñecementos adquiridos a través da prestación dun servizo de interese xeral e social como é o deseño dun espazo web centralizado, onde ter acceso á información relativa á Área de Participación Cidadá e Emprego do Concello de Vigo.